

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2013/02
CARACTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 29 de xaneiro de 2013.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e sete minutos do día **29 de xaneiro de 2013** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter ORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D^a Ana María Martínez Fernández.
D. Horacio Cupeiro Rodríguez
D^a Maria Teresa González Piñeiroa.

Polo Grupo do P.P.

D.Manuel Valín Valdés.
D.José Manuel Yañez Dablanca
D^a Azucena González Loredó.
D^a Maria del Campo López-Braña Freije

Polo Grupo de U.P.R.I.

D.Agustín Reymondez Gancedo.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Eduardo Gutiérrez Fernández.

Concelleiros ausentes na sesión:

D.Xabier Campos López.
(disculpa asistencia)

Secretario:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventora:

D^a Olalla Alvarez de Neyra Martínez

Tco.Admón. Xeral:

D.José Rodil Veiga

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2013.01.04.- PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN/SUPRESIÓN DE POSTOS NA RPT MUNICIPAL.-

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obran no expediente as propostas de modificación e supresión de postos da Relación de Postos de Traballo municipal.

O Sr.Alcalde explica que se trata da supresión do posto de director da Escola Municipal de música así como da modificación de postos de profesores da mesma Escola co engadido de funcións de xefatura de estudos e de dirección da Banda Municipal en colaboración coa Asociación Amadores da Música, logrando así a adaptación á realidade actual de funcionamento da Escola Municipal que se ven desenvolvendo dende hai xa uns anos en que non existe director.

Por outra banda continúa o Alcalde informando que tamén se propón a supresión de dous postos de operario, un vacante e outro cuxo titular que o ocupa actualmente está a piques de xubilarse así como un posto de Auxiliar de Axuda no fogar no que xubilará a persoa que o ven ocupando ao longo deste ano 2013.

Delibérase entre os membros da Comisión sobre diferentes aspectos, tramitación, entrada en vigor destas modificacións, aforro económico que se obtén con estas medidas, etc.e por parte do Sr.Valín Valdés do Grupo Municipal Popular, manifestase que o seu Grupo se reserva para o Pleno. En igual sentido o Concelleiro de UPRI, do Grupo Mixto, Sr.Reymondez Gancedo.

Sometido a votación, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Popular e do Concelleiro de UPRI, do Grupo Mixto) a Comisión Informativa acorda ditaminar favorablemente as propostas de referencia nos propios termos das mesmas.”

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que alude á modificación da RPT que afecta á Escola de Música e non quere ser sospeitoso de atacar á escola de música, xa que se creou na súa lexislatura. Cre que a proposta é bastante clara porque especifica a diferenza entre os gastos e os ingresos que é relevante, aínda que sabe que se subiron as taxas. Cre que hai unha casuística especial que el non

coñece, polo que non vai entrar a discutir ese aspecto. Considera que está ben adaptar o organigrama á realidade, que se fagan axustes etc. pero pensa que se debera incluír ese posto de director, que pode asumir calquera dos profesores da escola de música que sexa elixido, para que funcione coma un centro de segundo ensino. Respecto ao capítulo de operarios, considera que está ben axustar á realidade os equipos pero é unha pena que non se faga o mesmo coa amortización dalgunha outra praza, á que xa fixeron alusión anteriormente. Manifesta a súa intención de absterse neste punto da orde do día.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que manifesta que entende que esta proposta se presenta como unha cuestión de criterios económicos, xa que se aforrarán 22.000€. Non sabe se isto se traslada ao orzamento. Respecto ao tema da praza do director da escola de música, non quere ser mal pensado, pero cre que o feito de que un centro de docencia de música non teña director ou que o director sexa nomeado a dedo polo Alcalde ou pola concelleira delegada, favorece a desaparición da independencia, autonomía e liberdade á hora de facer xestión da docencia en si, xa que pode aparecer certo cautivismo político. Pensa que, se houbera un director, habería unha autonomía e liberdade á hora de xestionar a propia escola de música, polo tanto manifesta que vai votar en contra, xa que considera que a escola de música tiña que ser dirixida polos profesionais que se dedican á docencia, e nunca polos políticos, porque se abre unha porta a unha interferencia política. Respecto ás prazas de medio ambiente, parécelle ben xa que van na liña de aforro e axuste que formulou o concello.

O Sr. Alcalde advírtelle que os dous puntos forman parte dunha única proposta, polo que o voto ten que ser o mesmo.

Nese caso, o Sr. Reymóndez Gancedo anuncia que votará que non.

Continúa a quenda de intervencións a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, que non quere entrar na valoración interna de quen debe asumir a dirección, xa que o ve dende o punto de vista obxectivo e pensa que, no que ten que ver co tema de persoal, hai que racionalizar moito. Advirte que falará da escola de música máis tarde, pero cre que o que prima é a racionalidade, polo que todo o que vaia nesa liña vai contar co seu apoio. Cre que o esforzo está ben, e na escola de música incluso hai que facer máis esforzo. Anuncia que van apoiar esta proposta.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, matiza respecto ao orzamento de 2013 que veñen contempladas as prazas, xa que lle afectarían ao orzamento do 2014, cando se aprobe a modificación da RPT.

O Sr. Alcalde explica que é un punto con varias propostas de modificación ou supresión de prazas. Reitera que posto que o custo da escola de música é enorme en comparación cos ingresos, acurtaron ese desfase coa subida das taxas o ano pasado. Ocorréselle outra maneira, que é adaptar o organigrama á realidade, xa que dende hai tres anos non ten un director propiamente dito,

pero hai funcións de dirección, xa que hai un profesor que está como de director acumulado e xestiona a escola, e outro que xestiona a banda. Informa que o convenio que o concello ten con Amadores da Música non se incumpre, porque o concello segue poñendo a unha persoa para a dirección da Banda e outra que leva a dirección da Escola. A suma dos complementos que se lles pagan a esas dúas persoas equivale ao 50% do que custaría ter cuberta a praza de director da Escola de Música, polo tanto é ese o único argumento que os está levando a darlle este tratamento.

Explica que son 22.000€ de aforro coas outras prazas, que se van liberar, xa que están consignados e non se poden mover, pero tampouco se usan. Cre que se trata en total de 105.000€ de aforro coa supresión da praza de director da Escola de Música e a amortización de prazas de persoas de medio ambiente que se xubilan. Explica que é unha escola de música con 300 alumnos, con un déficit importante, e polo que poida vir no futuro inmediato e polo que se aveciña, teñen que ir equilibrando. Rexeita que prevaleza a cuestión política, xa que a escola de música conta con profesores, bos ou malos, mellores ou peores. Refírese a que o director da banda de música está asignado porque a directiva da Asociación de Amadores da Música, no seu momento, indicou que lle parecía que dentro dos profesores, ese era o perfil adecuado, sen prexuízo de que agora sexan esas persoas e despois se decida facer unha candidatura ou un proxecto educativo e que unha persoa se presente para directora. Informa que é unha cuestión temporal e, cando non o sexa, seguirá sendo profesor da súa especialidade, esperando que sempre haxa un número de alumnos adecuado, para non ter que baixar as horas do profesorado. Polo tanto trátase de adaptar á realidade xurídica o que está na realidade e unhas prazas vacantes que non se prevé cubrir. É consciente de que con menos persoal non se desbloquean as cousas, pero reforzaron de maneira importante a limpeza durante unha época do ano, pero ao longo do ano hai menos persoal, xa que os Plans de Cooperación e axudas externas non existen. Informa que van reforzar de cara á temporada primavera-verán, pero o persoal humano é moi inferior ao que había.

A Corporación, en votación ordinaria, por 11 votos a favor (dos concelleiros do grupo municipal do BNG e do PP), 1 voto en contra (do concelleiro de UPRI no Grupo Mixto) e 1 abstención (do concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello, segundo as propostas formuladas, do seguinte xeito:

1º.-Amortizar o posto de traballo nº 0601 que figura na RPT municipal coa seguinte descrición:

Cód.	Denom. Puesto	Dot	Niv el CD	CE mes	Tipo Posto	F. P.	Admó n.	Grup o	Escala	Titulac .	Observac .
0601	Dtor.E.Música	1	23	763,52	N	A	AL	A2	LAE	E.M.M.	VACANTE

0601.- Director da Escola Municipal de Música.- Ten as funcións de dirección e xestión da Escola Municipal de Música, con funcións de colaboración musical e docencia da mesma; e en

virtude do convenio coa Asociación "Amadores da Música" no seu caso, funcións de colaboración musical e de docencia coa Banda dependente da Asociación; sendo o contido do seu posto de traballo a dirección, xestión e docencia na Escola Municipal de Música, e outros traballos análogos no ámbito da docencia musical que lle sexan encomendados pola Alcaldía ou Concellería-Delegada. Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

2º.- Modificar o posto cód. 602 " Profesores da Escola Municipal de Música", da RPT municipal (persoal laboral fixo) que quedaría coa seguinte redacción:

0602.- Profesores da Escola Municipal de Música.-

Cód.	Denom. Puesto	Dot	Niv el CD	CE mes	Tipo Posto	F. P.	Admó n.	Grup o	Escala	Titulac .	Observac .
0602/1-7	Prof. Escola Música	7	18	1* 2*	N	A	AL	A2	LAE		4 Fixo Disc. 3 Interinos Tem. Parcial

1* Non teñen CE porque a súa estrutura actual de nómina é outra.

Correspóndenlle as funcións propias na súa categoría profesional no ámbito da Escola Municipal de Música concretamente a impartición durante o curso das clases pertinentes na disciplina ou especialidade correspondente á praza á que se opta, e no seu caso a impartición doutras materiais musicais complementarias, suplencia de baixas, así como o desenvolvemento das labores inherentes ao posto relativas á xestión e colaboración administrativa e demais traballos materiais necesarios conforme ás directrices que se fixen ao longo do período lectivo pola Dirección da Escola e Concellaría-Delegada correspondente.

2* Asemade, un dos postos de profesor, con independencia da impartición durante o curso das clases da súa disciplina ou especialidade levará aparelladas as funcións de Xefatura de Estudos da Escola municipal coa correspondente retribución no seu Complemento salarial por estas funcións.

Igualmente un dos postos de profesor, con independencia da impartición durante o curso das clases da súa disciplina ou especialidade na Escola Municipal, levará aparelladas, de acordo coa directiva da Asociación Amadores da Música, as labores de dirección da Banda Municipal dependente de dita Asociación, aplicándose a correspondente retribución no seu complemento salarial por estas funcións.

3º.- A modificación do posto cód. 161 " Profesores da Escola de Música", da RPT municipal (persoal laboral temporal), que quedaría coa seguinte redacción:

Cód.	Denom. Puesto	Dot	Ni vel CD	CE mes	Tipo Post o	F. P	Admó n	Grup o	Escal a	Titula c.	Observac.
161/1-8	Prof. Escola Música	8	18	1*	N	A	AL	E	LAE		Tempo parcial. Retribuc. según horas

1* Un dos postos de profesor, con independencia da impartición durante o curso das clases da súa disciplina ou especialidade levará aparelladas as funcións de Xefatura de Estudos da Escola municipal coa correspondente retribución no seu Complemento salarial por estas funcións.

Igualmente un dos postos de profesor, con independencia da impartición durante o curso das clases da súa disciplina ou especialidade na Escola Municipal, levará aparelladas, de acordo coa directiva da Asociación Amadores da Música, as labores de dirección da Banda Municipal

dependente de dita Asociación, aplicándose a correspondente retribución no seu complemento salarial por estas funcións.

4.- A amortización dos seguintes postos de traballo:

0714	Oper.Limp.Via.	9	13	337,03	N	A	AL	E	LAE		VACANTES 2
------	----------------	---	----	--------	---	---	----	---	-----	--	---------------

Trataríase neste caso de dous postos (nº 714/8 e 9) da RPT, un dos cales se atopa na actualidade vacante e outro cuberto por persoal laboral fixo, concretamente por don Ramón Rodríguez Martínez, operario que próximamente se xubilará por cumprimento da idade regulamentaria de 65 anos.

5.- A amortización do seguinte posto:

0402/5-13	Aux.Fogar	9	-	-	-	A	AL	E	LAE		Indefinido
-----------	-----------	---	---	---	---	---	----	---	-----	--	------------

Trátase de amortizar a finais de decembro de 2013 un posto de Auxiliar de Axuda no fogar a domicilio, concretamente ocupado por dona Antonia Rosa Maseda-Alonso Hermida-Vigo que ten autorizada a prolongación no servizo activo ata 26 de decembro de 2013, por Resolución da Alcaldía de 26/04/2012 por non ter cotizacións suficientes para a súa xubilación aínda que xa cumpriu os 65 anos de idade o 25 de abril de 2012.

SEGUNDO. Expoñer ao público a mencionada modificación da Relación de postos de traballo (RPT) durante o prazo de trinta días hábiles a contar dende o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A Relación de Postos de Traballo considerárase definitivamente aprobada durante o citado prazo non se presentaran reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Unha vez aprobada definitivamente a modificación, a Relación de Postos de Traballo publicarase íntegramente no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

2013.02.05.- EXPEDIENTE DE ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2013.

Por Secretaría dase lectura ao ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía-Presidencia de orzamento municipal para o exercicio 2013, que ascende 8.087.783,01 € tanto en ingresos como en gastos, así como a documentación correspondente do referido orzamento.

Por parte do Sr.Valín Valdés, do Grupo Municipal Popular sinálase que non tiveron tempo de profundizar no estudio que ademáis o leva a Concelleira Sra.González Loredó.

O Concelleiro Sr.Reymondez Gancedo, de UPRI, sinla que viu a documentación aínda que no tivo moito tempo.

Intervén o Concelleiro delegado de Economía e Facenda Sr.Castro Reigosa que manifesta que o prazo para ver a documentación é o de sempre, que o Pleno será o martes e que dende o equipo de goberno se facilita toda a documentación con máis detalle que noutras etapas.

Procede de seguido á realización dunha exposición dos principais aspectos deste orzamento de 2013 tanto no que se refire ao estado de ingresos como o de gastos, matizando e aclarando algunhas cuestións que son requeridas polos diferentes membros da Comisión.

Rematada a exposición e deliberación do asunto, por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e tres abstencións (dos membros do Grupo Popular e do Concelleiro de UPRI, do Grupo Mixto) acórdase ditaminar favorablemente a proposta da Alcaldía nos propios termos da mesma, para someter ao Pleno municipal. “

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, que considera que os prazos para a análise do orzamento foron os de sempre, polo que non é imputable ao goberno municipal que o prazo sexa moi pequeno e o sistema de participación tamén o é, polo que é imposible estudalo ou presentar alternativas. Empeza pola prórroga do orzamento de 2012, que di que é legal, pero non moi presentable dende o punto de vista do control dos órganos de goberno e da oposición ou da menor transparencia respecto dos cidadáns. Parécelle que nunca se prorrogou o orzamento. Non cre que as causas sexan de recibo: decreto de provedores, falta de persoal, axustes, distribución e asignación xeral de partidas etc. o mesmo que sucedeu a outros concellos.

Considera que é necesario facer determinadas reasignacións en persoal municipal e estudar se se poden modificar algunhas prazas. Cre que non se pode falar de liquidación propiamente dita porque hai partidas incompletas, polo menos no momento en que se entregou, polo que resume en non presentación dos orzamentos de 2012 e non liquidación en puridade por estar incompleto. En canto aos orzamentos de 2013, en comparación co de 2012, aumentan os impostos directos: IBI, imposto de revalorización de terreos, tracción mecánica, IAE. Redúcense taxas nunha cantidade significativa (185.000€) pero aumentan outras como vaos permanentes, terrazas ou escola de música.

En canto ao capítulo de transferencias de capital por inversións, diminúe a achega dos fondos do Estado nuns aproximadamente 717.000€, da Comunidade Autónoma en 93.000€ e da Deputación Provincial en 1 millón de euros, derivada da anterior subvención para o pavillón. En canto aos gastos financeiros, aumentan como consecuencia de formalizar o préstamo para o

pago a provedores, que pasa a 120.800€ e a amortización de capital diminúe polo período de carencia dese préstamo para provedores. Noutras cuestións si que considera que está máis axustado que os anteriores. Con relación á pertinencia dos programas do reparto das cantidades atribuídas a algúns programas, el non dispón de información para entrar nesa materia. Precisaríase moito tempo, pero seguro que se vai argumentar, por parte do goberno municipal, o esforzo inaudito ao pé de obra etc., pero que o trasladen para ver como poden entrar nesa materia. Manifesta que non vai votar a favor do orzamento.

Continúa intervindo o Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, que reitera que, aínda que é legal e entra dentro dos prazos, 48 horas para entrar nunha comisión informativa de orzamento é pouco tempo. Chámalle a atención que os impostos directos soben 249.000€, gran parte deles son procedentes do IBI grazas ao decretazo, o IAE sobe 20.000€ etc. Quere saber por que a taxa dos postos do mercado baixa de 72.000€ a 62.000€, pregunta se se debe a cuestións económicas. En transferencias, ve un aumento por parte da Deputación de 82.755€ a 179.000€ aproximadamente.

O máis curioso parécelle que en impostos directos, en 2013 se recaden 2.371.000€ coa previsión da aplicación da subida dos impostos; 2.122.000€ en 2011, 2.076.000€ en 2010 e 2.298.000€ en 2009. Non entende esta diferenza. Respecto ao apartado de gastos, ve que se reducen 42.000€ nos pasivos financeiros. Gustaríalle que se miraran os gastos nos vehículos municipais, non entende como un vehículo con matrícula Lugo P custe 480€, un vehículo novo 460€ e unha moto 515€. Rebáixase a partida de Servizo de Incendios en 11.000€, cre que é porque está preto o Parque de Bombeiros. Tamén se reduce en persoal de socorrismo, en gastos de persoal de urbanismo 150.000€, 67.500€ en inversións reais en urbanismo. Refírese ao PEPRI/PXOM con unha partida de 127.153 €, pregunta se é o mesmo.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, explica que para o PXOM este ano non está contemplado nada pero para o seguinte si, xa que non sempre coinciden.

O Sr. Reymóndez Gancedo recorda que o ano pasado esa partida era de 84.000€. Redúcese en eliminación de residuos, na limpeza viaria. Auméntase en 99.000€ a partida de gastos para Administración Xeral do Medio Ambiente. Informa que hai dúas partidas: unha de 50.000€ de inversión en terreos, e outra de gastos de persoal eventual, de 32.000€. Aumentan en parques e xardíns 11.000€ e en servizos sociais 7.300€. Redúcese a asistencia a persoas dependentes en 7.774€. Tamén se reduce a unidade asistencial de drogodependentes en 1.200€. En inmigración redúcense 24.000€ en gastos de persoal. En igualdade hai unha partida de 49.600€ e redúcense 10.000€. En hospitais e servizos asistenciais auméntase unha partida de 47.000€. Chámalle a atención unha partida para atención preescolar e primaria por 127.800€. Pregunta por un apartado de Actividade para a limpeza de ríos con escolares, por 9.000€.

O Sr. Alcalde recórdalle que estivo nunha comisión informativa na que se analizou todo e o pleno é o lugar de debate xenérico. Considera que non está aseverando ou dando a súa opinión, senón que está soltando unha serie de preguntas que puido ter feitas na comisión informativa. Pode seguir pero estase desvirtuando o pleno.

O Sr. Castro Reigosa puntualiza que a pregunta sobre actividades con escolares foi explicada na comisión informativa, xa que era un programa que se metía como novidade.

O Sr. Reymóndez Gancedo continúa referíndose a que en comercio redúcese en persoal 21.000€. En ordenación turística aumenta 131.000€ esa partida e hai outra partida que son gastos diversos de 79.773€, onde 20.000€ son para mesas microsectoriais e 40.000 € para a mellora de As Catedrais, supón que é dunha partida que da a Deputación de 80.000€. Explica que en órganos de goberno a cousas segue igual, pero rebaixáselle o soldo á secretaria do Alcalde. Tamén se reduce en bibliotecas. En promoción da Cultura aumenta en 45.000€. Fala dunha partida para arranxos do auditorio de Ocio y Tiempo Libre por 82.168€. Chámalle a atención unha partida de 18.000€ para Actividades da Mocidade e pregunta para que son. Redúcense 7.000€ en festas populares. Cre que no Xulgado de Paz se pode facilitar a subida á xente que non pode acceder.

Para rematar, considera que se ve que hai un traballo de axuste, pero para o Comercio métense 30.000€, e gástanse nun técnico de emprego 50.000€. Nota en falta un plan de emprego serio. Pensa que había que poñer o emprego como eixo central de tódalas políticas ante calquera toma de decisión para priorizar as inversións. Indica que se prefiren gastar 20.000€ en ensinar aos nenos a limpar ríos, aínda que ían agradecer máis que se lles facilitara a creación de empresas aos mozos, cursos ou outro tipo de iniciativas. Di que os veciños se están acostumando a que lles subvencione demasiado ocio e deporte. Pensa que é máis interesante facilitar o traballo e a creación de emprego, e eliminar as trabas burocráticas, xa que aínda son moi altas e custan moito para xente que queira iniciarse nunha empresa. Anuncia non vai votar a favor dos orzamentos pero tampouco en contra, porque se fixo un traballo, a pesares que nota en falta un plan serio de emprego.

Continúa intervindo a Sra. González Loreda, concelleira do grupo municipal do PP, que comenta que non están afeitos a aprobar os orzamentos do ano en xaneiro, pero cre que deberan aprobalos antes do 15 de outubro do ano pasado, que veñen de non aprobar os de 2012. Considera que demostra falta de interese, de traballo. Cre que non deberan intentar xustificalo cargándolle a responsabilidade ó servizo de Intervención porque se ve que a realidade das cousas é a que é, e a responsabilidade é da Concellería de Facenda, pero na memoria pon que non se fixeron antes porque en Intervención teñen moito traballo. Di que no ano 2011 foi moi crítica cos orzamentos, pero agora melloraron bastante, son máis realistas, están máis traballados e fixeron un esforzo por adaptarse á realidade. Seguen aparecendo partidas de “outros recursos eventuais” e entre paréntese “equilibrio”.

Parécelle un caixón de sastre para equilibrar. Refírese ao capítulo sexto de Inversións, fala dunha previsión dunha bolsa a tanto alzado para inversións de

717.000€ e o anexo de inversións é de 391.000€, polo que as inversións non están detalladas. Louva a intención do equipo de goberno pero recoméndalles que sigan mellorando. Informa que hai unha baixa de 2 millóns de euros porque non hai inversión externa e é un orzamento de xestión ordinaria do concello, con unha inversión mínima. A ela persoalmente decepciónanlle os orzamentos, xa que pensou que serían máis sociais e máis solidarios. Considera que se subiron os impostos, que supoñen o 60% dos orzamentos, polo que para o funcionamento ordinario do concello quen vai poñer o diñeiro son os ribadenses.

As inversións supoñen un 8,86% do orzamento. Dentro dos gastos, o capítulo máis importante corresponde a gastos de persoal. Informa que, segundo o Ministerio de Administracións Públicas, a media é dun 35% e neste orzamento é dun 44,5%, polo que cre que está cargado de gastos de persoal, aínda que baixa 190.000€, porque non hai inversións. Quere que miren ese tema, aínda que non lle “queren sacar pan a ninguén” porque neste concello hai dous soldos máis altos que os do presidente da Xunta de Galicia. Trátase de racionalizar. Cre que o gasto corrente se mantén e que se podían esforzar un pouco máis. Nas transferencias correntes, está cansada de que vaian de mártires, xa que soben 157.000€, teñen 317.000€ máis de achegas do Estado e na Xunta quedaron bastante curtos.

Fai referencia á Deputación, alédase que suba 120.000€ en temas de turismo e se aposte polo sector. Comenta que segundo a lei do 2008 “do Alcalde”, que di que a axuda domiciliaria para persoas non dependentes en concellos menores de 20.000 habitantes correspóndelle á Deputación, no 2011 para Servizos Sociais (Asilo, piso tutelado, Xantar na Casa etc.), había un orzamento de 44.000€, no ano 2013 hai unha asignación de 20.000€ especificamente para Axuda Domiciliaria, non sabe se van recortar a partida.

Baixan case tódalas partidas como é normal, e soben Ordenación e Promoción Turística con 130.000€, Medio Ambiente 100.000€, Promoción da Cultura 44.000€, Alumeado Público 44.000€, Administración Xeral 32.000€, Camiños Veciñais 31.000€, Educación Preescolar e Primaria 17.000€, Parques e Xardíns 12.000€, Hospitais (arranxos no asilo) 10.000€ e Administración de Servizos Sociais 6.000€, o que lle parece unha subida bastante pobre. A maioría das baixadas débense a reducións de persoal. A Sra. González Loredó considera que a seguridade non é unha aposta do goberno, xa que en Seguridade e Orde Público báixase 55.000€, en Protección Civil 48.000€, Extinción de Incendios 12.000€, en Socorrismo 1.000€, polo que ao final son 116.000€ de baixada. En augas baixouse o contrato con Aquagest 80.000€, con respecto ao contrato de 2011, o cal agradece, pero pensa que podían baixar os impostos. Soben máis de 44.000€ en Alumeado Público, a pesares de explicarlles un Plan de Mellora Enerxética, 25.000€ de subida de enerxía e 15.000€ de xuros de demora.

En Parques e Xardíns 11.000€. En Servizos Sociais teñen un orzamento de 552.000€, dos cales 409.000€ son de persoal, o 74%. Quere que lle expliquen o tema da Axuda a Dependentes e pide desculpas por facer tantas preguntas. Informa que baixan 37.000€ en persoal e supón que é porque cambia o sistema, e baixan o contrato da prestación de servizos en 10.000€, non sabe se aforran no contrato ou é que van atender menos. En educación preescolar e primaria, informa que ven sendo o colexio Gregorio Sanz, máis de 125.000€

máis 13.500€ de transporte escolar, conserxe, limpeza, luz, programa “Bos días” etc. Pregunta se non existe gardería, nin FP, nin IES, nin Escola de Idiomas, se a educación é basicamente o colexio Gregorio Sanz. Respecto ao tema da limpeza parécelle moito 125.000€, porque este ano soben 30.000€. Respecto á Escola de Música, son 320.000€ e aclara que ela non quere cargarse a Escola, pero na situación actual teñen 275.000€ de persoal na Escola de Música e no Servizo de Intervención 256.000€, e din que non poden aprobar os orzamentos porque non teñen persoal en Intervención, polo que pretende que racionalicen. Non quere que se carguen a escola de Música nin que despidan aos profesores, senón que poñan un punto de racionalidade. Soben 45.000€ en Cultura, e cre que non é o momento.

O Sr. Alcalde explica que se trata dunha inversión no arranxo do auditorio, que ten goteiras, polo que quere matizar o tema da cultura.

A Sra. González Loredó considera que hai outros moitos sitios onde investir. Adianta que non vai apoiar o orzamento porque ela co pouco diñeiro que hai faría outras cousas. En desenvolvemento empresarial báixanse case 15.000€ e cre que tampouco é o momento de baixar nesa partida, xa que hai que intentar potenciar o tecido empresarial. Fai referencia a Intervención, onde se amortiza unha praza de 46.000€, pero delégase a recadación dos impostos que custa 65.000€, a tramitación de altas de IBI que custa 4.500€ e a xestión de multas que custa 20.000€. Considera que compensaba contratar a alguén para esa praza que xa estaba creada e volver a traer eses servizos ao concello. Con respecto ao anexo de inversións e á queixa do equipo de goberno de que todo se fai con fondos propios, informa que os fondos propios só representan o 43%. Recoñece que mellorou a situación pero que os orzamentos non se adaptan á situación. Cre que co que se poida aforrar deberían facer outras cousas, polo que anuncia que o seu grupo non vai apoiar os orzamentos.

O Sr. Alcalde pide ao concelleiro de Facenda que conteste a todos os grupos políticos, pero que sexa conciso.

O Sr. Castro Reigosa acepta as críticas do orzamento prorrogado de 2012, aínda que cre que calquera que fora a explicación que se dera non ía ser válida. Explica que o borrador do orzamento de 2012 estaba feito dende antes de outubro e houbo que modificalo varias veces. Informa que non se levou a pleno porque había unha matización da RPT e mentres non estivera aprobada definitivamente era susceptible de ser reclamada por parte dos traballadores. No momento en que se aprobou a RPT, publicouse o orzamento. Manifesta a súa intención de seguir mellorando. Comenta que diminúe a amortización de préstamos, en primeiro lugar, porque non se pediron préstamos ao longo destes anos, salvo raras excepcións, e foron vencendo outros. En segundo lugar, fixéronse amortizacións extraordinarias tanto en 2011 como en 2012, o que reduce as amortizacións para anos seguintes. En terceiro lugar, os únicos préstamos que se pediron foron o do Real Decreto de Pago a Provedores, que o concello se acolleu a el, e un anterior de 2011 que practicamente está amortizado.

Fai referencia á intervención do concelleiro de UPRI sobre a subida de impostos directos, como IBI, IAE e IVTM. Aclara que o IAE baixou a partida con respecto a 2011, que non o pagan os ribadenses na maioría dos casos, xa que normalmente págano as empresas de fóra que están implantadas no concello, por superar o límite de facturación. O IBI sube todos os anos polas altas permanentes que se van incorporando ano tras ano e sorprende que, co parón na construción dende 2006, se sigan incorporando altas que había pendentes ano tras ano. Tamén sube o IBI polo Real Decreto e polas altas que se liquidan no ano e que se incorporan ao padrón. Respecto aos postos do mercado, di que se presupostan á baixa a efectos da situación que vivimos, onde se prevé que haxa baixas e os efectos nótanse nos ingresos por taxas. Comenta, respecto aos gastos dos seguros dos automóviles que hai vehículos con moitos anos de escaso valor, como o vehículo do GRUMIR que ten un seguro moi alto e hai vehículos novos como a motobomba que ten un seguro relativamente máis baixo, pero con orzamentos de distintas casas de seguros. Respecto a augas, comenta que hai unha baixada e non se modificou o contrato con Aquagest, pero débese ao coeficiente de vertedura que antes o cobraba o concello e agora a Xunta ingrésallo directamente a Aquagest.

Explica que se prevé a inversión en terreos ante a previsible revisión de prezos nos terreos da Vilavella ou do faro, que están no mesmo caso, xa que un dos dous caerá neste ano e faise a previsión para que non se produza un descalabro. Fala dos gastos en persoal eventual en Medio Ambiente, nas distintas áreas: lixo, limpeza etc. Explica que meten nesta partida o persoal eventual para non andar repartíndoo, pero pode estar en parques e xardíns ou limpeza. Indica que hai unha partida para dar cobertura a estas prazas, que se xubilaron pero non se poden sacar a concurso, aínda que hai que dar cobertura aos servizos sobre todo rozas na época estival e cubrir vacacións do persoal. Respecto ás actividades con escolares, figura nun convenio que se está desenvolvendo agora coa Deputación para actividades de limpeza de ríos. Cre que vai ser dirixido por Medio Ambiente. Informa que sube a partida de Cultura polas obras de arranxo do Auditorio, xa que o espazo onde está o aire acondicionado non ten cuberta polo tema da ventilación, polo que se filtra auga permanente que non conseguen arranxar, polo que se pon unha cuberta ventilada para salvar esa situación de goteiras. En Mocidade, se miran a partida de ingresos obsérvase unha partida para actividades de mocidade que non se definen, porque se definirán de cara ao verán, Semana Santa etc.

Refírese ao Plan de Emprego Local que mencionou o Sr. Reymóndez Gancedo. Explica que no sistema capitalista en que estamos algo vital para o emprego é o consumo, que agora escasea, e algo vital é que se faga actividade, contrátanse todo tipo de servizos de imprenta, empresas para execución de actividades etc. o que mantén postos de traballo existentes en Ribadeo, porque moitas das empresas coas que se contrata traballan principalmente para o concello, polo que é unha maneira de manter a economía local. Cre que se poden facer os plans de emprego que se queiran, pero mentres a situación colectiva non mellore non se soluciona con un programa de emprego. Fai referencia ao que sinalou o Sr. Reymóndez sobre que se “subvenciona demasiado deporte e ocio”. Cre que o deporte en Ribadeo é unha actividade económica de primeiro grado, e invítaos a que fagan un

repasso pola actividade deportiva que organiza tanto o concello, entidades ou clubs, e analicen cal é a repercusión económica no concello.

O Sr. Alcalde pídelle ao Sr. Reymóndez que non interrumpa.

O Sr. Castro Reigosa continúa falando da intervención da Sra. González Loredó. Reitera que xa asumiu a crítica do orzamento de 2012, na partida que di que seguen existindo “outros recursos de equilibrio”. Informa que son cousas moi difíciles de definir e no exercicio de 2011 superouse. Pon como exemplo un seguro dun vehículo que deteriore material municipal ou cousas imprevistas. Respecto ás inversións non detalladas, como partidas para urbanización de espazos públicos, explica que unha parte disto vai para remate do polígono 10, A e B, porque hai unha diferenza que debe o concello, e xa pactaron coa Xunta que esa partida dedicaríalla o concello a urbanizar a parte de atrás. Informa que é moi difícil definir que cantidade vai ir a cada sitio. Refírese tamén á urbanización de rúas, algunhas con pequenos detalles, e por outra parte non saben se a Consellería de Economía e Industria vai sacar o plan para esta urbanización, polo que hai que contemplar a parte municipal. Fai referencia ao tema de ingresos, onde soben os capítulos 1, 2, e 3. Comenta que o número 2 baixa con respecto a 2011. Indica que baixan taxas e ingresos e soben as transferencias, pero considera que hai unha contradición porque o capítulo 4 de transferencias correntes sube pola achega de Participación en Tributos do Estado e un dos principais argumentos é o esforzo fiscal. Di que é un dos efectos da subida de taxas o ano pasado que tanto se criticou. Considera que a media dos gastos de persoal está por encima da media da caída do investimento que provoca unha caída no orzamento, pero si que se baixa en persoal.

A Sra. González Loredó puntualiza que sigue por encima do 36%.

O Sr. Castro Reigosa comenta, con respecto ao orzamento de 2012, que se dixo que era unha excepción que se fixera. Informa que hai moitos concellos de A Mariña que aínda non aprobaron os orzamentos de 2012, de todas as cores políticas, pero a maioría argumentaba o mesmo, que era imposible presupostar ante os continuos cambios. Refírese a que se fixo un maior esforzo en gasto corrente, pero o gasto de alumeado aumentou. Convídaos a comparar as facturas de gasto de alumeado das súas casas dende fai 4 anos, para comprobar que é o dobre.

Explica que seguen en discrepancias coa empresa e pelexando con ela. Teñen en marcha a implantación definitiva no 2013 da tecnoloxía de aforro enerxético que seguro que se verá compensada cunha subida de tarifas, e ante iso non hai nada que facer. No referente á achega da Deputación para axuda domiciliaria, informa que baixou porque aumentou no exercicio pasado, pero para facer fronte á demanda de todos os concellos da provincia o reparto foi equitativo. Saían a 21.000€ en 2012, polo que non lle pon máis de 20.000€ en 2013, porque tratou de ser prudente presupostando ingresos, con tendencia á baixa, para non ter sorpresas, xa que están sometidos a un plan de axuste e tratan de que non se desequilibre o orzamento. Refírese a servizos sociais, a baixada en axuda a dependentes débese a que o contrato coa empresa está repartido entre servizos sociais e dependentes. A que é para axuda domiciliaria

de non dependentes está no número 230 e a axuda domiciliaria contratada está no número 233 para dependentes. Informa que soben as partidas nos dous casos, por tema de vacacións de persoal, tanto no verán como no Nadal. Ese foi un dos motivos polo que desapareceu o laboral eventual. No ensino, explica que o colexio Gregorio Sanz é o centro co que teñen compromiso e co que teñen asignado o mantemento por lei. Indica que o concello gasta 127.000€ no centro, porque apostan polo ensino público. Confirma que sube a limpeza, que se vai licitar o contrato de limpeza e hai que ter en conta a subida do IVE, que repercute no contrato e novos centros de limpeza que aumentan, polo que aumentan as horas. Referente á escola de música, cre que está suficientemente debatido. Respecto á baixada en desenvolvemento empresarial, considera que se debe a que está compartida con comercio e turismo, que era onde mellor encaixaba. En canto á delegación de servizos ven de etapas anteriores, cun custe bastante inferior, como a recadación de tributos, que aumenta 65.000€ porque aumenta a recadación, non porque aumentara a delegación de recadación, na empresa que xestiona as multas aumenta porque vai paralelo á recadación de multas, que non subiron, senón que o que subiu foi a porcentaxe de recadación. En canto á amortización de débeda, baixa porque baixan as amortizacións dos préstamos. Entende que este orzamento é moi real e insiste en que fixeron axustes e que tratarán de seguir facéndoos sen que afecten aos postos de traballo, en función das necesidades dos servizos. Comenta que o que se poida compaxinar ou reducir tratarán de axustalo. Manifesta que agardaba o apoio dalgún grupo ao orzamento.

O Sr. Alcalde pide que, xa que se utilizou un pleno como comisión informativa para detallar todas cantas partidas hai, a quenda de réplica sexa breve.

O Sr. Gutiérrez Fernández agradece as explicacións que deu o concelleiro delegado. Comenta que cando formulou o problema do fomento do emprego é porque cre que é unha cuestión de carácter xeral, pero considera que o malo é que o mesmo goberno que di iso, mantén postos que teñen como función o desenvolvemento local e o emprego. Quere que determinados postos de traballo sexan mancomunados e esa é unha liña que non se traballou, aínda que sabe que é moi difícil. Non di que sexan todas obras do goberno actual. Manifesta que se vai abster neste punto.

O Sr. Reymóndez Gancedo considera que o IAE subiu con respecto a a 2011, porque se pasou de 120.000€ a 140.000€.

O Sr. Castro Reigosa, concelleiro delegado de Facenda, cre que en 2011 o importe era de 170.000€.

Despois de repasar os orzamentos, confírmase que ten razón o Sr. Reymóndez e no 2011 o IAE era de 120.000€.

O Sr. Castro Reigosa quere explicar que o IAE ven dado pola participación de empresas exteriores. Indica que a subida do IAE disparouse en 2011, que case se dobrou, e en 2012 tamén estivo por encima. Di que hai unha previsión bastante realista para 2013, por debaixo dos ingresos de anos anteriores.

O Sr. Reymóndez non quere entrar en temas de seguros, pero cre que se debe mirar, porque hai un coche da policía que ten 17 anos. Falando do Plan de Emprego Local, considera que hai moitos concellos que teñen un plan serio e conseguiron moitos postos de traballo, xa que consiste en facer unha labor moi ampla. Manifesta que el non está en contra dos deportes, porque a partida de deportes baixou, redúciuse en 4.000€. No tema de limpeza, pensa que é unha esaxeración o que se está pagando, xa que 6.000€ é o que se está pagando para a limpeza do concello.

A Sra. González Loredo puntualiza que 6.000€ é o que sube a partida de limpeza do concello.

O Sr. Reymóndez pensa que dixo que subía, así que está de acordo coa Sra. González Loredo. Manifesta que non vai votar en contra do orzamento.

A Sra. González Loredo vai aproveitar a súa quenda de palabra, que considera que é un luxo, para reprocharlle ao Alcalde a súa actitude, xa que as súas dúbidas xa se lle aclararon. Cre que el e o seu concelleiro delegado traballaron todo o ano nos orzamentos, pero a oposición non. Dálle as grazas ao concelleiro delegado por explicarlles un por un os puntos dubidosos. Dedicouse a aclararllos e intentar que se poidan debater. Non sabe se o que pretendía o Sr. Alcalde é que chegaran e que manifestaran a súa intención de votar a favor ou en contra e listo. Está no seu dereito e é o que dirixe o pleno, pero parécelle feísima a súa actitude. Sigue dicindo que eles farían outras cousas co pouco diñeiro que hai, pero vanse abster neste punto.

O Sr. Alcalde vai pechar a quenda de intervencións e despois pasarán á votación. Dóenlle as palabras da Sra. González Loredo, porque aínda que lle parece que se alonga demasiado, poden falar o que queiran. Di que antes de ser alcalde foi oposición e tivo que soportar que houbese dous libros, o libro de orzamento do grupo de goberno e o libro da “morralla” da oposición, que eran títulos xenéricos que non dicían nada. Nas comisións informativas eles preguntaban por todas as partidas, pero as contestacións eran irónicas e lacónicas. Considera que nas comisións informativas pregúntanse 3 ou 4 xeneralidades e logo resérvanse para o pleno. Pode entender que pase no grupo Mixto, porque hai unha persoa que non pode estar na comisión informativa, pero non lle parece axeitado nun grupo onde hai dous representantes. Non quere que digan que o alcalde corta as intervencións, pero despois tamén acusan ao alcalde de que os plenos se eternizan. Non quere reiterar o que xa comentou o concelleiro de Facenda.

Comenta que se acordou, a finais de 2012, que non se subirían os impostos, e algunha suba é consecuencia da suba do 10% do IBI, grazas ao goberno de Rajoy, xa que o seu incremento era do IPC interanual, que cando se propuxo o grupo do PP escandalizouse, pero 15 días despois o Sr. Rajoy dixo que nada de interanual, e pasouse do 3,1% ao 10% e houbo que ir a pleno anular a propia subida do concello de Ribadeo, porque lles pareceu demasiado. De aí a perspectiva de máis ingresos de impostos indirectos no que ten que ver co IBI, pero o resto de impostos non os tocaron, a excepción das taxas da piscina,

onde subiron o IPC. Respecto á eliminación das trabas burocráticas no tocante a crear emprego etc. cre que foron o segundo concello na provincia, despois do de Lugo, que implantou a directiva europea que permite que alguén que queira abrir un negocio, traia a certificación de apertura e poida abrilo ao día seguinte. Outra cousa é que despois vaia o arquitecto e diga que o hai que pechar porque non puxo servizos.

Respecto ao emprego, cre que son temas contraditorios, porque por un lado valórase que haxa traballadores pero por outro non queren meterse cos traballadores, tamén se critica que non se poida traballar porque está moi sucio e, sen mans, non se pode facer o traballo. Cre que hai cousas que se poden mancomunar, pero dubida que algún servizo de emprego se poida mancomunar con outro concello, xa que non sería operativo, pero pola experiencia que teñen, mancomúnase algún servizo e logo o concello do lado non paga. Considera que é inxusto, pero informa que estudará esas cuestións para un futuro non moi afastado. En materia de emprego, cre que é o Estado o que crea a política laboral e en menor medida o goberno autonómico. Tamén considera que non se pode crer que o concello vaia redimir de todas as penas ao 20% de parados. Informa que están apostando por dous sectores nos que o concello pode facer algo, xa que no sector agrario pódense asfaltar camiños, amañar gabias, pero non se pode facer moito máis.

Considera que no que ten que ver co turismo, estase facendo unha aposta que nunca se fixo dende moitos puntos de vista, non só porque lle están dando un enfoque transversal ao asunto con convenios de mesas microsectoriais que engordan as partidas de emprego, pero que están destinados á hostalería, hoteis, restauración etc. e o tema da praia das Catedrais queren facelo transversal de cara ao turismo e aos sectores produtivos do sector terciario. Din que están facendo un aforro enerxético do comido polo servido, apagando algunha luz pola que tamén son cuestionados, pero asumen esa crítica. Están destinando unha partida moi importante de fondos propios a cambio dunhas luminarias que permitan un aforro eficiente, que non vai resolver o problema porque habería que investir sete veces máis, pero para o ano 2013 vai ser unha partida importante. Considera que todo canto fan vaise ao traste cando viron as facturas desproporcionadas, xa que de alumeado público non se gasta máis do que se facía anteriormente, porque luminarias non se poñen máis que aproximadamente 5 ao cabo do ano en todo o concello. No tema de que subiron os soldos, efectivamente subiron os soldos de postos de traballo que cobran máis que o presidente do goberno, pero quen os subiu á primeira categoría foi o goberno e estaba no goberno o cofundador de UPRI.

Polo tanto, quen elevou eses soldos foi o goberno anterior e agora está consolidado e non se pode cambiar. En canto ás achegas de transferencias correntes, aclara que a Deputación axúdalles na medida en que non lles axuda a Xunta de Galicia, e oxalá na liquidación da conta xeral se lles diga que presupostaron pouco para canto lles deu o goberno de Feijoo porque lle poñerán a alfombra vermella se é así, pero de momento presupostaron cero e o que lles dan é porque non lles queda outro remedio. Informa que, nun momento complicado, non subiron os tributos, presupostaron menos porque van recadar menos e reforzaron de maneira global os servizos sociais. Remata lendo un informe de Intervención, que non lle interesa á oposición, que di que é

un orzamento real, austero e axustado. Ao Sr. Alcalde non lle gusta a palabra austero, prefire un control rigoroso do gasto, unha fiscalización dos ingresos. Le literalmente o informe de Intervención. Considera que o fixeron o mellor que puideron, presupostando un pouco demais ou de menos. Respecto ao punto anterior, de amortización de postos de traballo, cre non se reflexa neste orzamento de 2013, pero vai nesa liña e coa crítica de moitos sindicatos.

Rematada a deliberación, a Corporación, en votación ordinaria, por sete votos a favor (dos membros do Grupo BNG) e seis abstencións (dos membros do Grupo Municipal do PP e Grupo Mixto), acorda:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2013, que se eleva, en gastos e en ingresos á contía de **8.087.783,01 € “oito millóns oitenta e sete mil setecentos oitenta e tres euros con un céntimo de euro”**, que se concreta nos seguintes resumos por Capítulos, entendendo incluídas nos mesmos as modificacións que se realizaron ó longo do exercicio sobre o Orzamento prorrogado:

ESTADO DE GASTOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Gastos de persoal.	3.597.276,50€
2	Gastos en bens correntes e servicios.	2.799.119,07€
3	Gastos financeiros.	176.874,84€
4	Transferencias correntes.	150.030,00€
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Inversións reais.	716.897,03€
7	Transferencias de capital.	355.291,89€
8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	265.248,14€
	TOTAL GASTOS.....	8.087.783,01€

ESTADO DE INGRESOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos directos.	2.371.000,00€
2	Impostos indirectos.	140.000,00€
3	Taxas e outros ingresos.	2.286.092,27€

4	Transferencias correntes.	2.794.903,33€
5	Ingresos patrimoniais.	7.470,00€
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Alleamento de inversións reais.	0,00€
7	Transferencias de capital.	461.271,87€
8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	0,00€
TOTAL INGRESOS.....		8.087.783,01€

2º.- Aproba-las Bases de Execución do orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Según o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, aproba-los cadros de persoal (funcionario e laboral) para o ano 2013, tal como figuran nos anexos de persoal.

4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.

5º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Casa do Concello e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170 do Texto Refundido da LRFL, entenderase definitivamente aprobado o orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do orzamento, resumido por Capítulos, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece a normativa vixente.

O Sr. Valín Valdés, concelleiro do grupo municipal do PP, pide a palabra para falar 30 segundos.

O Sr. Alcalde négalla, aludindo que xa vai pasar á historia “por ser un pouco tal”.

2013.03.06.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE AFECTADOS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS DE A MARÍÑA.-

Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Vista a Moción presentada pola Plataforma de Afectados polas participacións preferentes e subordinadas da Mariña.

Considerando, que por esta Alcaldía se estima que é un asunto preocupante para unha parte importante da poboación deste termo municipal de Ribadeo, que precisa de respostas axeitadas das Institucións oficiais afectadas.

PROPONSE ao Pleno Municipal,

A aprobación da Mocion formulada nos termos da mesma e a remision tal com se indica aos organismos competentes.”

O Sr.Alcalde procede a continuación a dar lectura ao escrito da plataforma, que se transcribe:

“Dende a plataforma xa levamos varios meses de loita, de un día para outro vimos como o noso diñeiro, os nosos aforros de toda unha vida de esforzó e traballo desaparecían.

Fomos enganado e estafados por Novagalicia Banco, os seus traballadores axudándose da nosa confianza vendéronnos un produto, segundo elesd, totalente seguro e fiable que resultou ser completamente unha trampa na cal están, a día de hoxe, atrapados o noso diñeiro e os nosos aforrosos.

Vendían o produto como un prazo fixo, pero coa vantaxe de que che podían pagar un pouco máis de xuros (En moitos casos ata iso era mentira, pois pagaban os xuros a un 2%/3%, como un prazo normal) e ademáis poden'as disponer do diñeiro en calquera momento se che fixese falta tan so avisando con 10/15 días de antelación e, segundo eles, o capital era totalmente arantido ó vencemento.

Na maioría dos casos vendíase o produto por un prazo de 3 ou 5 anos.

Pero nada de isto era certo, estábamos metendo o noso diñeiro nun produto de alto risco e de carácter perpetuo, soamente adecuado para perseas con "altos coñecementos" financeiros.

Minguen fixo nada por remedíalo e tanto o Governó como a Xunta de Galicia, Banco de España, Comisión Nacional de Mercado de Valores, etc. permitiron a venta deste produto a persoas traballadoras e de clase obreira, moitas sen apenas estudos e moito menos coñecementos financeiros. En definitiva, persoas aferradoras que non tiñan nin idea de onde estaban a meter o seu diñeiro.

Que persoa no seu san xuízo invertería neste produto se lle contan realmente o que era? NINGUÉN.

A día de hoxe estamos nunha situación moi difícil, houbo xente que puido recuperar os seus aforros mediante a vía arbitral, pero a gran maioría segué á espera dunha solución que, a día de hoxe, non existe. Nesta situación xa desesperante, vimos como o gobernó negociaba con Bruxelas para que se lle concederá a axuda á Banca española; negociaron que teríamos que aportar o 40% dos noso aforras para a reestruturación bancaria... encima de ser enganados por eles, ter que axudarlies! É algo verdaderamente indignante!

Por riba vemos como o 60% restante o queren pasar a accións dun banco que nin sequera cotiza en bolsa, e que a día de hoxe está en números roxos, é dicir, que nos queren deixar "SEN NADA".

Por todo isto queremos promover a seguinte iniciativa nos concellos da Marina para instar á Xunta de Galicia e o Goberno a que poñan unha solución o antes posible a este gran problema que afecta a moitos mariñáns.

Dende a plataforma queremos solicitar que no seguinte pleno do concello sexa levada esta proposta a votación e, no caso de ser aprobada, se traslade ao organismo competente o seguintes acordos:

1º: Queremos que a vía arbitral siga existindo, e que o faga ó mesmo ritmo que antes das eleccións do 21 de Outubro .

Pasaron de realizarse sobre 200 laudos diarios antes das eleccións , a verse moi diminuído o caso de persoas chamadas para resolver o problema por esta vía actualmente.

2º: Que informen das solicitudes de arbitraje que poda haber rexeitadas por Novagalicia Banco, a día de hoxe hai xente que ten presentada a solicitude dende fai meses e non obtén unha resposta nin favorable nin desfavorable. Isto xa está a causar desesperación, a xente necesita unha resposta para poder emprender se así o desexa outra vía, como pode ser a xudicial.

3º: Que todo aquel afectado por preferentes e subordinadas que queira emprender a vía xudicial poda facelo acolléndose á xustiza gratuita (independentemente da súa situación persoal)

Neste tema tamén nos vemos afectados se queremos emprender esta vía polo importante incremento de taxas aprobadas polo goberno para este novo ano.

4º: Que se derroque o Real Decreto 24/2012 no cal se aplica a quita a este tipo de produtos e se obrigue a Novagalicia Banco a devolver o 100% do invertido tanto en preferentes como subordinadas

5º: Que se dea traslado a os organismos competentes (Xunta de Galicia, Goberno, Grupos Parlamentarios) dos seguintes acordos."

O Sr. Alcalde anuncia que o grupo municipal do BNG subscribe literalmente todos os puntos desta moción.

O Sr. Gutiérrez Fernández, concelleiro do PSdG-PSOE no Grupo Mixto, manifesta que vai votar a favor e asume o que din os críticos, xa que é unha situación moi dura, na maioría dos casos a base de enganar. Supón que o

apoio será unánime, tendo en conta que no día de hoxe se produciu algún acordo entre os principais partidos para avanzar na resolución deste problema.

O Sr. Reymóndez Gancedo, concelleiro de UPRI no Grupo Mixto, remítese a outras sesións plenarias onde se tratou este tema e tamén vai apoiar a moción.

A Sra. López-Braña Freije, concelleira do grupo municipal do PP, manifesta a comprensión e solidariedade con este problema que teñen os afectados e o seu desexo de que recuperen os seus aforros. Póñense á súa disposición para todo que lles poidan axudar, tanto como grupo municipal como como partido político, na busca de solucións. Anuncia que o seu voto vai ser a favor e alédanse de que se despolitice o tema e que non se trouxera a través dun grupo político, senón que se recolla o sentir das persoas afectadas, xa que se podería discutir se é máis ou menos axeitado, pero o que é certo é o sentimento da xente, polo que o apoian e loitarán porque recuperen o seu como lles corresponde.

Sometida a votación a proposta de referencia resulta aprobada por unanimidade de todos os membros da Corporación.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levánta a mesma sendo as vinteunha horas e trinta e sete minutos, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,